

# Aloxamento para estudantes

Residencias das **Universidades**

**Residencias da Dirección Xeral de Xuventude**

Centros residenciais docentes da Consellería de **Educación**

Residenciais da Consellería do **Mar**

Residenciais da Consellería de **Medio Rural**


Residencia do Centro Galego de **Tecnificación Deportiva**

2023-2024

# RESIDENCIAS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA



## Aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo.



A Universidade de Vigo oferta prazas e bolsas de aloxamento para estudantes.

Bolsas: <https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas>

Residencias:

Vigo: <https://www.resa.es/es/residencias/vigo/residencia-universitaria-o-castro/residencia/>

Baiona: <https://www.baionacampusresidencial.com/>

Ourense: <https://www.resa.es/es/residencias/ourense/residencia-universitaria-as-burgas/residencia/>

Allariz: [http://www.uvigo.es/uvigo\\_es/conocenos/aloxamento/allariz.html](http://www.uvigo.es/uvigo_es/conocenos/aloxamento/allariz.html)

Pontevedra: <https://www.afundacion.org/es/centros/centro/residencia-de-estudiantes-afundacion-de-pontevedra>

Máis información:

Vicerretoría de Extensión Universitaria, tfno.: 986 813 603, 986 813 817 e 986 813 626 e en

<https://www.uvigo.gal/campus/vantaxes/aloxamento>



# Aloxamento para estudantes da Universidade de Santiago de Compostela

A Universidade de Santiago de Compostela [convoca](#) prazas de aloxamento nas súas Residencias.

O número total de prazas oferta a Universidade é de 910.

O SUR proporciona aloxamento ó estudiantado e demais membros da comunidade universitaria.

Para apoiar isto a Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua, no primeiro trimestre de cada curso académico, convoca e adxudica bolsas de colaboración (biblioteca, informática, socioculturais, deportivas, etc.), ás que poden acceder residentes e colexiais.

*Requisitos:* estudiantado de readmisión e de nova admisión de grao, de 1º, 2º Ciclo, de másteres universitarios oficiais, de programas de doutoramento, de cursos de posgrao propios, e investigadores en formación.

*Campus de Santiago de Compostela:*

[Colexio Maior Fonseca](#). Tfno.: 881 814 376

[Colexio Maior Rodríguez Cadarso](#). Tfno.: 881 814 354

[Colexio Maior San Clemente](#). Tfno.: 881 814 312

[Residencia Universitaria Burgo das Nacións](#). Tfno.: 881 811 952

[Residencia Universitaria Monte da Condesa](#): Tfno.: 881 813 531

*Campus de Lugo:*

[Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay](#). Tfno: 982 824 300/301/302

Máis información no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, tfno.: 881 814 574/582

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/residencias>





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## Aloxamento para estudantes da Universidade da Coruña



As residencias universitarias son servizos de asistencia destinados a proporcionar aloxamento ao membros da comunidade Universitaria.

*Residencia Universitaria Pública de Ferrol.* [Folleto](#)

*Rúa Sánchez Barcaiztegui, 28*

*15402 Ferrol*

*Teléfono: 981 337 400 ext.: 3696*

*Residencia Univ. Pública de A Coruña "Elvira Bao".* [Folleto](#)

*Rúa Archer Milton Hutington, 24*

*15011 A Coruña*

Convocatoria e prazas nas Residencias da Coruña e Ferrol:

<https://www.udc.es/gl/sape/aloxamento/>

# RESIDENCIAS DA XUNTA DE GALICIA

## Residencias da Dirección Xeral de **Xuventude** Curso 2023/2024



Residencia Florentino López Cuevillas en Ourense



Residencia Altamar en Vigo



Residencia Lug II en Lugo

A Consellería de Política Social e Xuventude convoca a adxudicación de prazas e de bolsas nas súas residencias xuvenís.

### Modalidades de prazas:

- Prazas en residencias xuvenís para persoas estudantes (BS303B).
- Prazas en residencias xuvenís para persoas estudantes colaboradoras borseiras (BS303C).
- Prazas en residencias xuvenís para persoas traballadoras (BS303D).

Convocatoria de **prazas** para o curso académico 2023/24:

Concello	Residencia	Nº de prazas BS303B		Nº de prazas BS303C		Nº de prazas BS303D (persoas traballadoras)	Total
		(persoas borseiras)	estudantes non borseiras)	(persoas borseiras)	estudantes colaboradoras)		
Lugo	Centro Residencial Xuvenil LUG	65		4		6	75
Ourense	Florentino López Cuevillas	50		5		5	60
Vigo	Altamar	76		6		7	89

Do total de prazas resérvase un 9 % para o caso de mozas que sufran **violencia de xénero** ou para mozos e mozas cuxas proxenitoras a sufrisen e/ou para persoas mozas con expediente de protección aberto. A distribución de prazas para esta reserva é a seguinte:

Concello	Residencia	Nº prazas
Lugo	Centro Residencial Xuvenil LUG	7
Ourense	Florentino López Cuevillas	5
Vigo	Altamar	7

### Requisitos xerais:

- Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro/a residente en España no momento da solicitude de praza.
- Non ter perdido a condición de residente por causa imputable a persoa solicitante.

- Ter os 16 anos cumpridos e non superar os 30, na data do 31 de decembro de 2023. As persoas colaboradoras bolseiras terán que ter os 18 anos cumpridos.

A **mocidade estudante** que solicite praza de residencia, ademais:

- Cursar estudos de formación profesional ou ciclos formativos, de bacharelato, estudos universitarios tendentes á obtención do título de grao ou equivalente ou ben, mentres non se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios, estudos universitarios de 1º, 2º ou 3º ciclo nunha facultade ou escola universitaria ou estudos superiores en ensinanzas artísticas.

Exceptúase do anterior a realización de estudos universitarios, nos cales a persoa solicitante non obteña a nota de corte ou puntuación académica mínima exixida para o ingreso nas facultades ou escolas universitarias da localidade de residencia habitual.

- Que no concello onde radique a súa residencia habitual non exista oferta de centros públicos para realizar o curso, nivel ou grao correspondente aos estudos que vaia cursar o/a solicitante.

As persoas estudantes que soliciten prazas nas residencias e a concesión de bolsas como colaboradoras deberán reunir os seguintes **requisitos específicos**:

- Ter os 18 anos cumpridos e non superar os 30 a data 31 de decembro de 2023.

- Ter unha renda media familiar inferior ao 150% do indicador público de renda de efectos múltiples (Iprem) do ano en curso.

A **mocidade traballadora** tamén deberán cumprir os seguintes:

- Que o lugar de traballo teña o enderezo nun concello distinto ao lugar de residencia habitual da persoa solicitante.

- No caso de que a relación de traballo non sexa fixa ou indefinida terá que ter unha duración mínima de 3 meses contados desde a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

- No caso de ser unha persoa traballadora por conta propia, será necesario que estea dada de alta no réxime de traballadores/as autónomos/as da Seguridade Social, con anterioridade á publicación da presente convocatoria.

#### **Prezo:**

a) Habitación dobre: 324 € por residente e mes.

b) Habitación cuádrupla: 250 € por residente e mes.

#### **Período de estadia:**

O período máximo de estadia das persoas beneficiarias será de 11 meses e estará comprendido no período establecido para o curso académico 2023-2024, exceptúanse os períodos de vacacións de Nadal e Semana Santa.

As persoas beneficiarias que teñan a condición de estudantes, iniciarán e finalizarán a súa estadia na residencia coincidindo co curso académico no que estiveran matriculadas (respectando sempre o período máximo antes indicado) e en todo caso concluirán a súa estadia co remate dos estudos desenvolvidos.

En calquera caso as persoas beneficiarias deberán iniciar a súa estadia na residencia como prazo máximo o 31 de outubro.

**Prazo** de presentación das solicitudes: Estará aberto ata o 3 de agosto de 2023.

#### **Solicitudes:**

As solicitudes están dispoñibles na sede electrónica da xunta <https://sede.xunta.es> entrando no procedemento BS303B para estudantes, BS303C para persoas colaboradoras bolseiras e BS303D para traballadores/as.

Máis información no [DOG do 3 de xullo de 2023](#)

Lugo: <http://reaj.com/albergues/residencia-juvenil-lug-ii/>

Ourense: <http://reaj.com/albergues/residencia-juvenil-florentino-lopez-cuevillas/>

Vigo: <http://reaj.com/albergues/residencia-juvenil-altamar/>

# Centros Residenciais Docentes da Consellería de Educación.



## Aloxamento nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo

A Consellería de Educación convoca prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para realizar estudos postobrigatorios non universitarios no curso 2023/24

### **Requisitos:**

Alumnado que no curso académico 2023/24 inicie ou continúe estudos postobrigatorios non universitarios en centros docentes públicos ou privados concertados, situados nos termos municipais da Coruña, Culleredo, Ourense e Vigo.

A persoa solicitante deberá estar matriculada nunha concreta modalidade dun nivel educativo ou nunha familia profesional ou especialidade dun ciclo formativo, que:

- a) Non se imparta en ningún centro sostido con fondos públicos da localidade de residencia habitual da unidade familiar á cal pertenza.
- b) E tampouco se imparta nunha localidade que, pola súa proximidade á de residencia habitual ou polos medios de comunicación dispoñibles, permita o desprazamento diario con facilidade.

Excepcionalmente, poderán ser eximidos deste requisito os solicitantes nos cales concorran circunstancias persoais ou familiares moi graves debidamente xustificadas.

As prazas poden ser **gratuitas ou bonificadas**:

A praza de residencia será gratuíta: Cando a renda da unidade familiar sexa igual ou inferior ao limiar 2\* fixado polo Ministerio de Educación para o curso 2022/23 (BOE do 23 de febreiro de 2022).

Bonificadas: cando a renda da unidade familiar sexa superior ao limiar 2, a persoa adxudicataria deberá aboar anualmente as seguintes cantidades:

- a) Ata un 10 %: 635 €.
- b) Máis do 10 % e ata un 20 %: 973,74 €.
- c) Máis do 20 % e ata un 30 %: 1.563,10 €.
- d) Máis do 30 %: 2.319,22 €.

**Prazos:**

1. Para o alumnado matriculado en bacharelato, ata o 12 de xullo de 2023 (este incluído).
2. Para o alumnado matriculado en ciclos formativos, ata o 1 de agosto de 2023 (este incluído).

As **solicitudes** están dispoñibles en <http://sede.xunta.es> co procedemento ED306A

Máis información no DOG do 6 de xuño de 2023 e nos CRD:

<http://centros.edu.xunta.es/credocoruna/>

<http://centros.edu.xunta.es/credovigo/>

<http://centros.edu.xunta.es/credodeourense/>

\* O limiar 2 de renda familiar:

Familias dun membro: 13.236

Familias de dous membros: 22.594

Familias de tres membros: 30.668

Familias de catro membros: 36.421

Familias de cinco membros: 40.708

Familias de seis membros: 43.945

Familias de sete membros: 47.146

Familias de oito membros: 50.333





## Persoas colaboradoras bolsseiras nos Centros Residenciais Docentes

A Consellería de Educación convoca 30 prazas de persoas colaboradoras bolsseiras para o curso 2023/2024, nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo:

CRD da Coruña: 18 prazas.

CRD de Ourense: 6 prazas.

CRD de Vigo: 6 prazas.

### **Requisitos:**

- a) 18 anos cumpridos, ou acadar esta idade dentro do ano natural 2023.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño do labor de apoio no desenvolvemento da actividade diaria da residencia.
- c) A persoa solicitante deberá estar inscrita ou matriculada en ensinanzas universitarias de grao, máster oficial, primeiro, segundo ou terceiro ciclo nunha facultade, escola superior, escola universitaria ou colexio universitario no curso 2023/24.

A distancia entre o centro universitario onde curse os estudos e o centro residencial docente, así como os medios de comunicación existentes, deberán garantir a dispoñibilidade no horario en que teñan que realizar o devandito labor de apoio.

### **Incompatibilidades**

1. As persoas beneficiarias de praza de colaborador bolsseiro non poderán realizar, mentres gocen desta, ningún tipo de traballo remunerado.
2. Así mesmo, será incompatible con estar en posesión ou reunir os requisitos necesarios para obter un título académico de nivel igual ou superior ao dos estudos que pretende realizar.
3. A condición de beneficiario será compatible coa obtención de axudas na convocatoria xeral de bolsas e axudas ao estudo, agás aquelas que teñan como compoñente o pagamento de gastos de comedor e/ou residencia.

As persoas colaboradoras bolsseiras teñen as seguintes **obrigas:**

1. Residir no centro residencial docente.
2. Colaborar no desenvolvemento das tarefas e actividades relacionadas con accións formativas complementarias durante o período de funcionamento en que estea aberto aos residentes.
3. Na súa condición de colaboradora ante o resto das persoas residentes, teñen a obriga de cumprir e facer cumprir as normas de réxime interno,

as normas de convivencia e os horarios que permitan o normal desenvolvemento da vida residencial.

Residencias:

<http://centros.edu.xunta.es/credocoruna/>

<http://centros.edu.xunta.es/credovigo/>

<http://centros.edu.xunta.es/credodeourense/>

As bolsas solicitaranse en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED308A

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 4 de agosto de 2023.

Máis información no DOG do 6 de xuño de 2023 e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

## Residencias da Consellería do **Mar**



### Prazas de residencia e de comedor nas residencias da Consellería do Mar.

A Consellería do Mar convoca ás prazas de residencia e de comedor nos seus centros residenciais para o curso 2023/24.

#### *Requisitos:*

Estar matriculado nos centros de formación dependentes da Consellería do Mar e realizar os seguintes estudos:

a) Marítimo-Pesqueiros:

Ciclos formativos de grao medio e superior da familia profesional Marítimo-Pesqueira.

b) Náutico-Pesqueiros:

Capitán de pesca, patrón costeiro polivalente, patrón local de pesca e mariñeiro pescador.

As prazas poderán adxudicarse nas seguintes *modalidades*:

a) Servizos de residencia en pensión completa: cuarto, almorzo, xantar e cea.

b) Servizos de media pensión: xantar cinco días á semana de luns a venres.

c) Servizo de xantar diario, non regular.

*Prazas:*

[Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo \(Pontevedra\)](#)

65 pensión completa

5 media pensión e xantar diario non regular

[Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol \(A Coruña\)](#)

45 pensión completa

10 media pensión e xantar diario non regular

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 24 de xullo de 2023. As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento PE606A

Máis información no DOG do 3 de xullo de 2023 e en

<http://www.mar.xunta.gal/gl/o-mar/investigacion-e-formacion/formacion>

## Residencias da Consellería de **Medio Rural**



### Residencias de estudantes nos Centros de Formación e Experimentación Agraria (CFEA)

A Axencia dispón de varios centros de formación da familia agroforestal, entre os cales, o Centro de Formación e Experimentación Agraria (CFEA) de Lourizán (Pontevedra), o CFEA de Sergude (Boqueixón), o CFEA Pedro Murias de Ribadeo e o CFEA de Becerreá dispoñen de residencias de estudantes que prestan un servizo complementario ao desenvolvemento educativo da poboación do medio rural, que permite potenciar o acceso á formación continua e aos dos ciclos de formación profesional agraria de grao medio e grao superior seguintes:

CFEA Lourizán:

Ciclo Formativo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural.

Ciclo Formativo de Grao Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural.

CFEA Sergude:

Ciclo Formativo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural.

Ciclo Formativo de Grao Medio en Producción Agropecuaria.

Ciclo Formativo de Grao Superior en Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal.

Ciclo Formativo de Grao Medio en Producción Agroecolóxica.

CFEA Pedro Murias:

Ciclo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural (FP Dual).

CFEA Becerreá:

Ciclo Formativo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural.

Ciclo Formativo de Grao Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural.

A oferta de prazas para o curso 2023/24 por centro é a seguinte:

CFEA	Nº total de prazas en réxime de pensión completa	Nº total de prazas de comedor (só xantar)-para curso completo
CFEA de Lourizán (Pontevedra)	34	28
CFEA de Sergude (A Coruña)	52	20
CFEA Pedro Murias (Ribadeo)	0	30
CFEA de Becerreá (Lugo)	0	45

Persoas beneficiarias:

- Ser cidadás de calquera país da Unión Europea ou estranxeiros/as que acrediten a residencia ou estean dentro dun programa de cooperación internacional.
- Ter feitos os 18 anos de idade o día de comezo do uso da residencia no caso das prazas en pensión completa do CFEA de Lourizán, ou ter feitos os 16 anos de idade no ano da convocatoria no caso das prazas en pensión completa que se ofertan no CFEA de Sergude.
- Estar matriculado no centro solicitado durante o curso escolar.

Tipos de prazas:

- Residencia en pensión completa.
- Comedor para o curso completo.

As solicitudes presentaranse na sede electrónica da Xunta de Galicia

<https://sede.xunta.gal> co formulario MR207A

O prazo de presentación das solicitudes será do o 18 ao 31 de xullo de 2023.

Máis información no DOG do 17 de xullo de 2023

# Residencia da Secretaría Xeral para o **Deporte**



## Prazas no Centro Galego de Tecnificación Deportiva

A Secretaría Xeral para o Deporte convoca prazas de tecnificación e rendemento deportivo para o Centro Galego de Tecnificación Deportiva para a tempada 2023/24, co fin de facilitar o adestramento dos deportistas de tecnificación e rendemento, creando un clima de adestramento e convivencia entre deportistas de diferentes especialidades deportivas, fomentando a educación integral dos deportistas que favoreza o seu desenvolvemento persoal e facilitando a mellora do seu rendemento deportivo coa finalidade de alcanzar o máximo nivel competitivo.

### Requisitos:

- Ter nacionalidade española.
- Estar en posesión da licenza deportiva, na modalidade para a cal se presenta a solicitude, emitida pola federación galega correspondente ou ben pola federación española correspondente no caso de que a federación galega da modalidade en cuestión non estea integrada na federación española.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 14 de agosto de 2023

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente en <https://sede.xunta.gal> coprocedemento PR952A

Máis información no DOG do 13 de xullo de 2023 e no enderezo <https://deporte.xunta.gal>

## **Persoas colaboradoras na residencia do Centro Galego de Tecnificación Deportiva**

A Secretaría Xeral para o Deporte convoca bolsas para persoas colaboradoras na residencia do Centro Galego de Tecnificación Deportiva para o curso 2023/24.

Estas bolsas estarán destinadas a estudantes de ensinanza universitaria ou ciclos formativos de grao superior que colaborarán na residencia do CGTD, co

fin de dotar de persoal de apoio no eido educativo e asistencial a residencia para a atención dos deportistas menores de idade.

O número de prazas convocadas é de 6, precisando polo menos 3 prazas ocupadas polo mesmo sexo (feminino ou masculino), co obxectivo de ter unha representación con paridade para poder garantir unha correcta atención ao colectivo de deportistas do centro.

Requisitos:

- a) Ter entre 18 e 30 anos no momento de presentar a solicitude.
- b) Estar empadroado en Galicia no momento de presentar a solicitude.
- c) Estar cursando estudos universitarios nunha facultade, escola universitaria ou un ciclo formativo.
- d) Non ser beneficiario dunha bolsa como deportista no CGTD no momento da solicitude.

O prazo para presentación de solicitudes estará aberto ata o 11 de setembro de 2023.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento DE400A

Máis información no DOG do 9 de agosto de 2023 e en <https://deporte.xunta.es>